

Isabel Freire: as burbullas da vida

Adieu, vive clarté de nos étés trop courts!, lamentábase Baudelaire. *Adiós, luz de veranos...* traduciui impecábel Jorge Semprún mellorando ao francés para lle dar título a un seu libro de memorias que merece lerse: *Adiós, luz de veranos...* Non se pode pedir mellor expresión da perda do paraíso. Nestas estaba eu, cando me chega unha invitación para asistir á presentación duns libros da editorial Ir Indo.

Perozo chegou tarde á galería Sargadelos de Santiago (cousa do combustíbel, disque) pero a tempo de falarnos no seu simpático galego-extremeño da nova colección "O elefante contacontos". Seis libros de unha tacada para ese abano de idades que conforma a burbulla do paraíso que se perderá, desa patria única e certa: a infancia.

Mentres non chegaba o Perozo, os numerosos asistentes estivemos como peixes no acuario, mirando aquí, mirando alá nas vitrinas, picando aquí un libro, alá unha figura de cerámica, mergullándonos nunha fotografía, entre xente miúda, menos miúda, madura e venerábel.

E chegou Perozo e falou M^a Victoria Moreno de luces e de cachiños do corazón, e fíxolle xustiza aos ilustradores, que sempre quedan de teloneiros, e falou escueta Milagros Oya. E aínda falou Xesús Santos. E, por fin, a luminaria da tarde: Isabel Freire, que se estreaba como escritora cuns peixes chamados *Glub e Blef*, debuxados por Evaristo Pereira, protagonizando unha historia de liberdade e tolerancia na que a comunidade peixil fica finalmente feliz e liberada da opresión na súa bóla acuática, un microcosmos, en palabras de Isabel, no que collen todas as historias e todas as metáforas.

E falou Henrique Harguindey, gran traductor da lingua gala gracias a quen temos, por exemplo, un magnífico Rabelais en galego. Falou porque un dos contos da colección foi escrito orixinalmente en francés por aquel gran poeta vangardista que foi Max Jacob, de ascendencia xudía, e por iso morto no ano 1945 nun campo de concentración nazi. Falou oportuno Harguindey, e recordou o valor da solidariedade e da necesidade de practicala nestes días tan atroces para os pobos dos Balcáns, onde se está a masacrar a inocencia e onde se lle está a estragar a miles de meniños e de

meninas a única burbulla de ilusión, ese paraíso da infancia que lle están a negar os señores da morte e da noite para que nunca máis teñan patria certa nin luz de veráns...

E Sargadelo foi por uns minutos unha metáfora da convivencia, un microcosmos posíbel onde non colleu a vaidade e si só a simpatía, o bo humor, a alegría, a liberdade e tamén a pena por tantos sonhos que se están a destruír e a perder antes de tempo alá nos Balcáns. Foi entón Sargadelos un espacio onde catro xeracións se volveron unha soia por obra e milagre dos contos infantís, que nos meteron a todos nunha burbulla máxica por un pouquiño de tempo.

Lector, pensaba falarche do libro de Semprún, e velaí que algo ten que ver con todo isto. ¡Larga vida ao "Elefante Contacontos" e á carreira literaria de Isabel Freire!